



CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE EMPRESAS DE EFICIENCIA ENERGÉTICA (A3E) PARA A CELEBRACIÓN DA "VII EDICIÓN DE LA GALA DE EFICIENCIA ENERGÉTICA Y SOSTENIBILIDAD 2026".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Asociación Nacional de Empresas de Eficiencia Energética (A3E), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o Inega e A3E para a organización e celebración da "VII Edición de la Gala de Eficiencia Energética y Sostenibilidad 2026", que terá lugar en Santiago de Compostela o día 5 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Inega constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Que A3E é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída en 2009, que representa os intereses das empresas que traballan axudando os seus clientes a reducir os consumos enerxéticos, integra e representa a mais de 170 empresas e ten como obxectivo fundamental promover a eficiencia e a sostibilidade enerxética en España, para o cal realiza diferentes actividades, entre elas a organización de eventos, congresos e/ou xornadas técnicas.

Que o Inega participa no presente convenio por considerar que a celebración da "VII Edición de la Gala de Eficiencia Energética y Sostenibilidad 2026", organizada por A3E, constitúe unha actuación de especial interese para o cumprimento dos obxectivos da política enerxética de Galicia.

A citada Gala ten como finalidade recoñecer e premiar as mellores iniciativas, proxectos e o talento no uso responsable da enerxía, promovendo a transición enerxética, a sostibilidade e a descarbonización, así como fomentando a colaboración entre sector público e privado.

O Inega colaborará con A3E no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de sesenta mil euros (60.000,00 €), I.V.E. engadido, con cargo á partida orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2026, segundo o cadro seguinte:





ACTUACIÓNS CONVENIO	INEGA	A3E	TOTAL
Audiovisuais	18.000		18.000
Funxibles e decoración	5.000		5.000
Persoal e Presentadores	5.000		5.000
Actuación musicais	6.000		6.000
Comida previa (100 persoas)	6.000		6.000
Cena – coctel (400 persoas)	20.000		20.000
Web Gala		2.500	2.500
Secretaría Técnica		6.500	6.500
Deseños		5.000	5.000
Promoción – comunicación / campañas		6.000	6.000
Vídeos e reportaxes fotográficos		4.000	4.000
Premios		1.500	1500
Dirección e coordinación		4.500	4.500
TOTAL	60.000 €	30.000 €	90.000 €

Adicionalmente, o Inega facilitará un espazo adecuado para a celebración da Gala cuxo importe estimado ascende a 5.564,50 €.

O interese compartido no desenvolvemento da actividade supón, á súa vez, que as achegas que a Administración efectúa no seo do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada, na que ambas partes participan na consecución de fins comúns, asumindo compromisos recíprocos de actuación.

Neste sentido, a relación xurídica que se articula mediante o presente instrumento non ten natureza subvencional, ao non concorrer unha situación de concesión unilateral de fondos públicos para a realización de actividades por un beneficiario, senón unha actuación conxunta de colaboración institucional orientada a fins de interese público compartido.

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar os obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, xerar volume de negocio e evitar a contaminación ambiental, así como dar a coñecer ás empresas e á cidadanía en xeral este sistema de aproveitamento enerxético.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.
A Xerente,
Silvia Cortiñas Fernández

